

ARQUIVAR PARA COIDAR(NOS)

RESULTADOS DO TALLER O FORNO DA AMARA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

18 decembro 2025 - 13 xaneiro 2026

DIRECCIÓN: La Querencia
COORDINACIÓN: Virginia Villar

Como parte dos programas de acción comunitaria que promove o CGAC e baixo a dirección de La Querencia, o pasado marzo fixemos un chamamento ás persoas maiores dos barrios próximos ao centro para participar no taller *O Forno da Amara*. Esta actividade, que toma o nome dunha das moitas panaderías que había nos Basquiños e que abastecían de pan a toda a cidade de Compostela, emprega a potencia das fotografías domésticas para evocar e invocar un presente máis afectivo e cohesionado.

Como resultado deste proxecto, o grupo de traballo articulou a exposición *Arquivar para coidar(nos)* —que poderá verse no CGAC do 12 de decembro de 2025 ao 14 de xaneiro de 2026— e unha serie de actividades vinculadas con ela.

O ARQUIVO DO FORNO DA AMARA

Ao longo de 2025, as persoas que participaron neste proxecto compartiron no CGAC as fotografías dos seus álbums familiares e recompilaron imaxes e relatos doutros veciños e veciñas. Agora, coidan o arquivo e velan pola súa difusión e desenvolvemento.

Para seguir xerando conversa non só co barrio, senón tamén nel, este é un arquivo expandido: varios espazos do barrio (CEIP Apóstolo Santiago, Café Bar 13, Bar Leis, Alimentación Mari Carmen e Antonio Peluqueros) custodian partes do arquivo, mentres que a Biblioteca do CGAC gardará unha copia completa. Durante a exposición, o arquivo estará exposto nunha artesa de pan.

CONVOCATORIA PARA AMPLIAR O ARQUIVO

As persoas interesadas en ceder algunha imaxe ao Arquivo do Forno da Amara poden achegarse á artesa que contén o arquivo e que forma parte da exposición para consultar o xeito de facelo. Tamén poden asistir, coas súas fotografías, a algunha das actividades vinculadas coa exposición, nas que se reservará un anaco de tempo para escanear novas imaxes para o arquivo.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

PASEO GUIADO POLO BARRIO

Xoves 18 de decembro de 2025 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: rúas dos barrios | Prazas: 10 | Persoas destinatarias: público xeral | De balde, con inscrición previa | Prazo de inscrición: desde o 10 ata o 16 de decembro

Que nos contan estas fotografías sobre como mudou o barrio? A través dun paseo guiado polas persoas participantes no taller *O*



A palomita de Ricardo, monte da Almáciga, 1966. Cortesía de Javier Suárez

Como parte de los programas de acción comunitaria que promueve el CGAC y bajo la dirección de La Querencia, el pasado marzo hicimos un llamamiento a las personas mayores de los barrios próximos al centro para participar en el taller *O Forno da Amara*. Esta actividad, que toma su nombre de una de las muchas panaderías que había en Os Basquiños y que abastecían de pan a toda la ciudad de Compostela, utiliza la potencia de las fotografías domésticas para evocar e invocar un presente más afectivo y cohesionado.

Como resultado de este proyecto, el grupo de trabajo articuló la exposición *Archivar para cuidar(nos)* —que podrá verse en el CGAC del 12 de diciembre de 2025 al 14 de enero de 2026— y una serie de actividades vinculadas a ella.

EL ARCHIVO DE O FORNO DA AMARA

A lo largo de 2025, las personas que participaron en este proyecto compartieron en el CGAC las fotografías de sus álbums familiares y recopilaron imágenes y relatos de otros vecinos y vecinas. Ahora, cuidan el archivo y velan por su difusión y ampliación.

Para seguir generando conversación no solo con el barrio, sino también dentro de él, este es un archivo expandido: varios espacios del barrio (CEIP Apóstolo Santiago, Café Bar 13, Bar Leis, Alimentación Mari Carmen y Antonio Peluqueros) custodian partes del archivo, mientras que la Biblioteca del CGAC guardará una copia completa. Durante la exposición, el archivo estará expuesto en una artesa de pan.

CONVOCATORIA PARA AMPLIAR EL ARCHIVO

Las personas interesadas en ceder alguna imagen al Archivo de *O Forno da Amara* pueden acercarse a la artesa que contiene el archivo y que forma parte de la exposición para consultar cómo hacerlo. También pueden asistir, con sus fotografías, a cualquiera de las actividades vinculadas a la exposición, en las que se reservará un tiempo para escanear nuevas imágenes para el archivo.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

PASEO GUIADO POR EL BARRIO

Jueves 18 de diciembre de 2025 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: calles de los barrios | Plazas: 10 | Personas destinatarias: público general | Gratis, con inscrición previa | Prazo de inscrición: del 10 al 16 de diciembre

¿Qué nos cuentan estas fotografías sobre cómo ha cambiado el barrio? A través de un paseo guiado por las personas participantes

Forno da Amara, sacaremos as fotografías ao espazo público e falaremos sobre as transformacións que tiveron lugar no barrio e na súa veciñanza.

CINEMA FALADO

Martes 30 de decembro de 2025 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: Auditorio do CGAC | Persoas destinatarias: público xeral | Entrada libre e de balde ata completar a capacidade da sala

Adoitos ver os álbums de fotos de forma colectiva nun salón, nun comedor, nun cuarto. Que pasa cando expandimos este acto doméstico a todo un barrio? Na sesión de *Cinema falado*, a veciñanza contará historias sobre as fotografías que seleccionaron mentres se proxectan. Todas as persoas asistentes poderán contribuír engadindo datos ás historias, refutando información ou contando as anécdotas que vencellen con esas imaxes.

OBRADOIRO DE FABRICACIÓN DE PAPAVENTOS

Xoves 8 de xaneiro de 2026 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: hall do CGAC | Prazas: 10 | Persoas destinatarias: público familiar (2 persoas por familia) | De balde, con inscrición previa | Prazo de inscrición: desde o 10 de decembro ata o 2 de xaneiro

Entre as historias recorrentes da infancia das persoas que participaron no taller *O Forno da Amara* estaban os xogos de rúa, a elaboración de bandeiras ornamentais para as festas e a confección de papaventos. Daquela, os nenos acostumaban a voar os seus papaventos no alto da Almáciga. Un deses papaventos escapoulle a Antonio Vilariño e aterrou na horta do bispo que, casualmente, é a zona onde agora está situado o CGAC. Dous daqueles nenos, que aínda residen no barrio, impartirán unha sesión de fabricación de papaventos para lembrar as estratexias de autosuficiencia de antano e conectarnos, desde o lúdico, co monte da Almáciga.

DEGUSTACIÓN DE PANS TRADICIONAIS DE SANTIAGO

Martes 13 de xaneiro de 2026 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: hall do CGAC | Prazas: 10 | Persoas destinatarias: público xeral | De balde, con inscrición previa | Prazo de inscrición: desde o 10 de decembro ata o 9 de xaneiro

Para lembrar todos os fornos que habitaban o barrio, realizaremos unha degustación de pan no CGAC. Guillermo Moscoso Moure (de Pan da Moa) e o seu pai, que foi o último panadeiro do Forno da Amara, contarannos as transformacións que sufriu o proceso de elaboración do pan nos últimos tempos e ensinannos a coñecer e a saborear os distintos pans da Compostela do século XX.

INSCRICIÓN

As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a laquerencia.colectivo@gmail.com. Nela deberán indicar os seguintes datos: nome da actividade na que desexan participar, apelidos, nome, estudos, área de traballo ou interese, enderezo electrónico e teléfono de contacto. Poderase inscribir un máximo de dúas persoas por solicitude, indicando os datos completos de cada participante. As persoas recibirán unha mensaxe electrónica de confirmación. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

en el taller *O Forno da Amara*, llevaremos las fotografías al espacio público y hablaremos sobre las transformaciones que han tenido lugar en el barrio y en su vecindario.

CINE HABLADO

Martes 30 de diciembre de 2025 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: auditorio del CGAC | Personas destinatarias: público general | Entrada libre y gratuita hasta completar aforo

Solemos ver los álbums de fotos de forma colectiva en un salón, un comedor o un cuarto. ¿Qué sucede cuando expandimos ese acto doméstico a todo un barrio? En la sesión de *Cine hablado*, los vecinos y vecinas contarán historias acerca de las fotografías que seleccionaron mientras se proyectan. Todas las personas asistentes podrán contribuir añadiendo datos a las historias, refutando información o contando las anécdotas que relacionan con esas imágenes.

TALLER DE FABRICACIÓN DE COMETAS

Jueves 8 de enero de 2026 | Horario: 18:30-20:30 h | Lugar: hall del CGAC | Prazas: 10 | Público destinatario: público familiar (2 personas por familia) | Gratis, con inscrición previa | Prazo de inscrición: del 10 de decembro al 2 de enero

Entre las historias recurrentes de la infancia de las personas participantes en el taller *O Forno da Amara* estaban los juegos de calle, la elaboración de banderas ornamentales para las fiestas y la confección de cometas. Por entonces, los niños acostumbraban a volar sus cometas en el alto de A Almáciga. Una de ellas se le escapó a Antonio Vilariño y aterrizó en el huerto del obispo que, casualmente, es la zona donde ahora se ubica el CGAC. Dos de aquellos niños, que aún residen en el barrio, impartirán una sesión de fabricación de cometas para recordar las estrategias de autosuficiencia de antaño y conectarnos, desde lo lúdico, con el monte de A Almáciga.

DEGUSTACIÓN DE PANES TRADICIONALES DE SANTIAGO

Martes 13 de enero de 2026 | Horario: de 18:30 a 20:30 h | Lugar: hall del CGAC | Prazas: 10 | Personas destinatarias: público general | Gratis, con inscrición previa | Prazo de inscrición: del 10 de decembro al 9 de enero

Para recordar todos los hornos que había en el barrio, realizaremos una degustación de pan en el CGAC. Guillermo Moscoso Moure (de Pan da Moa) y su padre, que fue el último panadero de O Forno da Amara, nos contarán las transformaciones que ha sufrido el proceso de elaboración del pan en los últimos tiempos y nos enseñarán a conocer y saborear los distintos panes de la Compostela del siglo XX.

INSCRIPCIONES

Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a laquerencia.colectivo@gmail.com. En él deberán indicar los siguientes datos: nombre de la actividad en la que desean participar, apellidos, nombre, estudios, área de trabajo o interés, correo electrónico y teléfono de contacto. Se podrá inscribir a un máximo de dos personas por solicitud, indicando los datos completos de cada participante. Las personas solicitantes recibirán un correo electrónico de confirmación. Las plazas se cubrirán por riguroso orden de inscripción.

